



**ACTA DA REUNIÓN ORDINARIA DA COMISIÓN ECONÓMICA
DO CONSELLO SOCIAL DO 24.06.2024**

LUGAR: Sala II do edificio Miralles, campus de Vigo

DATA: 24.06.2024

HORA DE COMEZO: 18:30 h.

HORA DE REMATE: 20:30 h.

Asistentes:

Fernández Zunzunegui, Emilio

Graña Nogueiras, Jesús

Lesmes Romero, Yolanda

Vieites Baptista de Sousa, Juan Manuel (presidente)

Rodríguez Iglesias, Ignacio (secretario)

Desculpan asistencia:

Macho Senra, Antonio

Martiño Gómez, Antonio

Non asisten:

Pérez Puga, Gerardo Ramón



O luns, día 24 de xuño de 2024, ás 18:30 h., celebrouse reunión ordinaria da Comisión Económica do Consello Social da Universidade de Vigo co obxecto de tratar os seguintes puntos da orde do día:

ORDE DO DÍA

1. Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.02.2024).
2. Informe do presidente.
3. Asuntos pendentes de anteriores sesión. Informes da Xerencia:
 - Medidas aplicadas para o ingreso de saldos de dubidoso cobro, e resultados.
 - Medidas de contención do gasto a causa da insuficiencia do remanente dispoñible para financiar o orzamento de gastos de 2024.
 - Medidas previstas para a elaboración dun rexistro actualizado sobre o patrimonio material.
4. Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2023. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.
5. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).
6. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA).
7. Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI).
8. Aprobación, se procede, de transferencias de crédito consonte o disposto nas Normas de execución do orzamento. (Consello de Goberno do 20.06.2024).
9. Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos mais representativos da universidade: capítulo I".
10. Aprobación, se procede, da aceptación da doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao CINBIO.
11. Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante o mes de maio de 2024.
12. Rogos e preguntas.

Juan Manuel Vieites agradece a asistencia dos presentes e a súa dispoñibilidade nun horario infrecuente. Asiste o responsable do Servizo de Contabilidade, Orzamentos e Tesouraría da Universidade de Vigo, Mauricio García, que acompaña á xerente para a presentación das contas.

PUNTO 1

Aprobación, se procede, da acta da sesión anterior (29.02.2024).

- ***Apróbase por asentimento.***

PUNTO 2

Informe do Presidente.

Juan Manuel Vieites lembra que na anterior reunión, con motivo da aprobación dos prezos para o curso 2024/2025, solicitárase un informe sobre as residencias universitarias, que se achega entre a documentación desta comisión, e que amosa "unha boa fotografía" co perfil dos usuarios, nacionalidades, provincias de procedencia, idades, titulacións ou tipos de estancia, entre outros datos que considera de interese.

- ***A comisión dáse por informada***



PUNTO 3

Asuntos pendentes de anteriores sesión. Informes da Xerencia:

- *Medidas aplicadas para o ingreso de saldos de dubidoso cobro, e resultados.*
- *Medidas de contención do gasto a causa da insuficiencia do remanente dispoñible para financiar o orzamento de gastos de 2024.*
- *Medidas previstas para a elaboración dun rexistro actualizado sobre o patrimonio material.*

Respecto dos saldos de dubidoso cobro, resume a xerente que xa se cancelaron algúns, e os que quedan pendentes de cobro corresponden na súa gran maioría á Xunta de Galicia, polo que entende que non hai risco respecto da súa solvencia, e así o acreditan as entidades financeiras. Restan 155 mil euros de distintas entidades, algúns de moi baixas cantidades, que se están reclamando con distintos procedementos. Jesús Graña reflexiona sobre as dificultades dos cobros nalgúns casos, e o presidente pide que se sigan a facer as xestións precisas.

Sobre as medidas de contención do gasto dada a insuficiencia de remanente dispoñible para financiar o orzamento de gasto de 2024, Yolanda Lesmes debulla diferentes iniciativas "para ir reequilibrando a situación ao longo do ano", e especialmente o aprazamento de incorporación de novo persoal ata ver a evolución, contendo convocatorias. "Cando saquemos a OPE teremos que valoralo moito", engade. Intervén o presidente para propoñer unha próxima reunión monográfica da comisión na que se avalíe a evolución da conta de ingresos e gastos con antelación ao peche do exercicio. Jesús Graña terza neste asunto lembrando -e instando a que se teña en conta- que as convocatorias que se saquen deben ter en todo caso a reserva de crédito correspondente.

En canto ás medidas previstas para elaborar un rexistro actualizado do patrimonio material, informa a xerente que se está a traballar sobre as recomendadas pola auditoría operativa en materia de inventario, encargada no seu momento polo Consello Social. No documento, que se incorpora á acta, recóllense as medidas adoptadas e as accións que se están a desenvolver para corrixir esta eiva, ademais dun cronograma para levalas a cabo.

- ***A comisión agradece as explicacións da xerente e dáse por informada.***

PUNTO 4

Aprobación, se procede, das contas anuais da Universidade de Vigo do exercicio 2023. Informe de auditoría e Memorando de recomendacións.

Principia a xerente dando conta da evolución do orzamento e as modificacións no período 2018-2023, subliñando que en 2023 reflicte a consecución dunha estabilidade orzamentaria suficiente para garantir a actividade da Universidade de Vigo. Desagrega o orzamento definitivo de ingresos (245.536.711.97 €) e as modificacións máis relevantes; e o de gastos, no que destaca o incremento do gasto de Persoal. Aclara que as modificacións orzamentarias do exercicio derivan en gran parte da incorporación de remanentes dos proxectos de investigación e da xeración de créditos pola consecución de fondos alleos, sobre todo Next Generation. Neste senso refire a elevada cantidade de transferencia de crédito por diferencias coa planificación, polo que incide na importancia de reclamar aos centros maior disciplina de gasto nas previsións.

Presenta Yolanda Lesmes os cadros sobre a execución financeira ao respecto dos orzamentos recoñecidos e a execución dos cobros ou dos pagos, que reflicten que a UVigo mantén o comportamento dende 2018, non hai débeda pendente e os tempos de pagos son correctos.

De seguido expón o proceso de formulación e a posterior aprobación da conta ata que é remitida á Xunta de Galicia, e as cuestións previas, conclusións e memorando de recomendación da auditoría encargada polo Consello Social, e no que volve a aparecer o Inmobilizado material e o risco por non ter actualizado o rexistro do inventario. Sobre este asunto informa a xerente que se están levando a cabo actuacións, tal e como apuntou no punto 3.

Indica que o resultado orzamentario do exercicio acada a cifra de +195.801.080,22 €, e ao engadirse os axustes o resultante é de +2.229.734,52 €. Dá conta da comparativa dos ingresos e gastos por capítulos, entre os anos 2023 e 2022; o remanente de Tesouraría; o balance de situación que amosa a solidez da posición da universidade detallado nos indicadores financeiros, patrimoniais e orzamentarios; a conta do resultado económico patrimonial; e o estado de fluxos de efectivo.



Remata a intervención deixando constancia das conclusións xerais e as recomendacións do informe de auditoría operativa, encargado polo Consello Social, sobre a "intervención dos gastos máis representativos da Universidade: capítulo I", subliñando que se terán en conta.

Na análise das contas feito polo Consello Social, Juan Manuel Vieites cualifica como bo o resultado do exercicio 2023 que tralos axustes presenta un resultado positivo de 2.299.734,52 €, se ben advirte que de non dispor a UVigo de remanente libre o resultado houbese sido de -561.303,30 €, e tendo en conta que o remanente libre estase reducindo manifestase "preocupado" e entende que "debemos realizar un seguimento máis estrito destes axustes".

Respecto á partida de debedores de dubidoso cobro destaca que se reduce dende os 5.737.261,39 € da liquidación provisional de febreiro a 2.854.700,53 €. Recoñece o esforzo da Xerencia para cobrar as débedas. Porén, a cifra é moi superior á do ano anterior (1.381.109,24 €), polo que require un seguimento desta partida para tentar reducila.

No tocante ao remanente dispoñible final, que ascende a 2.027.764,84 €, o presidente subliña que é inferior ao presentado na liquidación provisional de febreiro (3.111.091,07 €) a pesares de ter reducido os debedores. Cualifica a cifra de "preocupante", por ser inferior á presentada e tendo en conta que o orzamento de 2024 financiose cunha cantidade moi superior (18.618.599,20 €).

Tamén sobre o remanente apunta que consonte a información recollida na memoria do exercicio 2023, cobrouse o IVE reclamado á Axencia Tributaria, referida ao exercicio de 2013, por un importe de 1.491.114,04 €. Pide que se teñan en conta estes cobros e o resultado do remanente para futuras políticas de gasto, perseverando en seguir insistindo no intento de ir axustando.

Na análise das contas, Vieites sinala no activo un incremento da partida "outras inversións financeiras" que pasa a ter un saldo de 496.354,93 € cando o pasado ano non había nada. Afirmo que sería recomendable coñecer a composición destas inversións financeiras a longo prazo. Por outra banda destaca a gran subida da conta de ingresos que pasa de 164.334.472,40 € do exercicio 2022 a 184.436.931,93 € en 2023.

Interésase por saber a que se debe un ingreso de 2.177.992,44 € en Exceso de provisións que non estaba en 2022, e destaca na parte de gastos a "enorme subida" dos gastos de persoal que ascenden a 145.920.216,78 € cando en 2022 eran de 135.392.747,98 € o que representa un 7,78% máis. Pide ser conscientes de que este gasto considérase estrutural e se as subidas en gastos non veñen acompañadas con subidas en ingresos estruturais "pódese provocar a curto e medio prazo un desequilibrio económico para a universidade".

Outras cuestións sobre as que pide aclaracións refírense á causa da baixa cifra de licitacións públicas da UVigo (só 26 en 2023 fronte ás 41 de 2022 e as 54 de 2021), como reflicte a memoria. Pregunta por como evoluciona este dato en 2024. E alude tamén ao empeoramento do indicador do orzamento de gastos nos últimos exercicios, que revelan que non se están a facer as previsións de xeito adecuado, sendo importante telo en conta porque no Plan de financiamento do SUG 2022-2026 hai un indicador que cumprir ao respecto.

Remata chamando aos responsables económicos a ser sensibles e ser conscientes da situación, a seguir aplicando medidas e corrixir "para ir na dirección axeitada", tendo en conta a maiores a fraqueza e o risco que supón ter unha dependencia tan elevada dos recursos da Xunta, reflexión que comparten Jesús Graña e Emilio Zunzunegui.

Para rematar este punto, a xerente resposta de xeito unívoco a Jesús Graña, que a UVigo ten superávit, ten remanente e non ten ningún préstamo bancario neste intre.

- **Acórdase elevar informe favorable ao Pleno, consonte o informe de auditoría.**

PUNTO 5

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Fundación Universidade de Vigo (FUVI).

En valoración do presidente, a fundación presenta un resultado positivo "a pesar dun descenso leve da facturación, pero con contención nos gastos de persoal". Considera que a situación da fundación "é boa", e con reservas suficientes para facer fronte a situacións futuras. Porén, advirte sobre un incremento na partida de debedores que reflicte unha baixada na tesouraría da fundación, "o que nos debe esixir un seguimento do cobro destes debedores". Yolanda Lesmes valora a situación da fundación como boa, e engade que está "traballando moito". Tendo en conta as observacións do presidente,

- **Acórdase elevar informe favorable ao Pleno, consonte o informe de auditoría.**



PUNTO 6

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría de Cidade Universitaria, S. A. (CUSA).

Advirte o presidente que a sociedade incrementou as perdas no exercicio 2023, a pesar de ter incrementado a facturación e frear os gastos en subministracións. Entende que se debe á provisión dun preito co adxudicatario da piscina do campus de Vigo y outros gastos por importe de 167.486,66 €, o que provoca una perda final de -241.169,29 €. Sinala que "debemos realizar un seguimento do preito, xa que no caso de ser contrario á sociedade provocaría un problema de tesouraría" ao non dispor de dita cantidade para facer fronte. Por outra banda, afirma que se debe facer seguimento da partida de debedores, que sofre un elevado incremento de 2022 a 2023. Pregunta finalmente por que as contas non reflicten a redución de capital aprobada en decembro de 2023, ao estar pendente de inscribir no rexistro mercantil na data de peche.

Aclara a xerente este último asunto e as causas do retraso, subliñando que se recollerá a redución nas contas de 2024. En canto á situación da sociedade, Yolanda Lesmes comunica que se lle pediu á responsable de CUSA un plan de axuste e de captación de negocio. Informa que se está xestionando a situación cos debedores, con algúns acordos e plans de pagos xa consolidados. Recoñece que, de seguir así, volveríase "inviabile".

- ***Acórdase elevar informe favorable ao Pleno, consonte o informe de auditoría.***

PUNTO 7

Análise e valoración das contas anuais de 2023 e do informe de auditoría da Cidade Tecnolóxica da Universidade de Vigo (CITEXVI).

Observa o presidente que a sociedade mantivo a facturación, pero rexistra un incremento dos gastos correntes en 74.648,45 € provocado polo incremento do prezo das subministracións, o que leva a un resultado negativo peor co de 2022, se ben expón que dito resultado negativo ven derivado da dotación da amortización dos activos fixos, que ao imputalos ao exercicio provocan esta perda contable que non de actividade económica.

Pídelle á xerente que solicite explicacións, ou que os responsables as aporten directamente ao Consello Social.

- ***Acórdase elevar informe favorable ao Pleno, consonte o informe de auditoría.***

Concluída a análise das contas das tres sociedades participadas pola UVigo, Juan Manuel Vieites fai unha reflexión de conxunto sobre a situación, e apunta á conveniencia de facer un seguimento da súa evolución e o interese en coñecer de primeira man a opinión, a valoración e as previsións dos respectivos responsables, deixando aberta a posibilidade de convocalos para que informen á comisión.

PUNTO 8

Aprobación, se procede, de transferencias de crédito consonte o disposto nas Normas de execución do orzamento. (Consello de Goberno do 20.06.2024).

Describe a xerente as razóns da proposta de transferencia, por importe de 80.000 €, que implica ás Vicerreitorías de Investigación e do Campus de Pontevedra, para realizar accións de potenciación do doutoramento, actividades dentro da semana da creatividade, congresos e axudas predoutorais. Ante as dúbidas que expón Jesús Graña sobre a validez de pasar un gasto comprometido para actividade investigadora a outras partidas que non o son, Yolanda Lesmes entende que se trata dunha operación tecnicamente correcta.

- ***Apróbase por asentimento para dar conta ao Pleno.***



PUNTO 9

Recepción, análise e valoración das conclusións da auditoría operativa sobre "Intervención dos gastos máis representativos da universidade: capítulo I".

Comenta o presidente que os auditores presentaron as conclusións da auditoría operativa encargada polo Consello Social sobre a intervención dos gastos máis representativos da universidade: capítulo 1. Engade que revelan a necesidade de que a UVigo mellore os controis tanto no proceso de contratación de persoal investigador como no cumprimento da lexislación vixente en materia de control horario e avaliación de desempeño. Tamén amosa a necesidade de mellorar a interrelación entre os sistemas informáticos de xestión de gastos de persoal e o sistema contable. Conclúe que polo dito "debemos solicitar ao equipo de goberno que teña en conta estas conclusións á hora de planificar a medio prazo as políticas de contratación e control de recursos humanos.

Dá conta a xerente das accións que se están levando a cabo e das liñas nas que se está xa a traballar. Informa que das conclusións e das recomendacións da auditoría se deu traslado ao Consello de Goberno, como proba da importancia que se lle dá ao tema, da consideración que lle merecen e do aproveitamento previsto.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 10

Aprobación, se procede, da aceptación da doazón dun equipo de Lonza Biologics Porriño, S. L. ao CINBIO.

Vista a documentación que se achega e a valoración do importe do equipo, establecido en 1.000 €, e feitas distintas consideración polos presentes,

- ***A comisión dá a súa conformidade.***

PUNTO 11

Informe sobre os convenios asinados pola Universidade de Vigo durante o mes de maio de 2024.

- ***A comisión dáse por informada.***

PUNTO 12

Rogos e preguntas.

Pide a palabra Yolanda Lesmes para deixar constancia da imposibilidade de obter o informe de análise de risco de conflito de intereses a través do sistema Minerva. A UVigo trata con este paso de dar cumprimento ás obrigas derivadas da financiación de actuacións acollidas ao Plan de recuperación, transformación e resiliencia Nextgenerationeu, despois de firmar un convenio coa Consellería de Emprego e Igualdade e as outras universidades galegas integrado nese marco e polo que recibirá 160 mil euros. Pero o expediente está aínda en estado "de valoración". Yolanda Lesmes achega un escrito que se xunta á acta.

E non habendo máis asuntos que tratar, levántase a sesión ás 20:30 horas do 24 de xuño de 2024, da que eu como secretario dou fe, co visto e prace do presidente.

Vº. e pr.,
O presidente,
Juan Manuel Vieites Baptista de Sousa
(Asinado dixitalmente)

O secretario,
Ignacio Rodríguez Iglesias
(Asinado dixitalmente)